



RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se publican os listados definitivos de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes da concesión das comisións de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral reguladas pola Orde do 15 de abril de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 30 de abril)

De conformidade co disposto no artigo 11 da Orde do 15 de abril de 2019 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da interesada ou interesado, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 4, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde do 5 de decembro de 2018 (DOG do 21 de decembro), mediante Resolución do 26 de xullo de 2019 aprobou os listados definitivos de comisións de servizos en atención a situación de conciliación da vida familiar e laboral.

Advertido que ditos listados non recollían toda a información, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro. Publicar no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal> os listados definitivos de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral declaradas procedentes e improcedentes de primaria, secundaria, relixión e anexo citados

Segundo. Declarar excluídas as solicitudes non formuladas dentro do prazo establecido na Orde do 15 de abril de 2019, e que figuran no anexo aos listados definitivos.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de internet da Consellería <http://www.edu.xunta.gal>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, di 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo





que resulte competente segundo o establecido na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos
José Manuel Pinal Rodríguez

